

## FOLLA VOANDEIRA DO IES DE BEADE 2015

*Textos extraídos do libro de Stephen Emmott, **Somos diez mil millóns**, edit Anagrama*

*+ textos escritos polo alumnado do instituto sobre as Bibliotecas Videntes*

**Hai 13.000 ANOS** Hai uns 13000 anos deixamos de recolectar raíces, froitos e cazar pequenos animais. Alguén tivo a revolucionaria idea de domesticar animais e aprendimos a cultivar a terra e engordar o gando

**Hai 10.000 ANOS** Eramos un millón

**Hai 90 ANOS** En 1930, eramos xa dous mil millóns. Eran xa visíbeis os efectos doutra revolución: a industrial. A fabricación en serie, a innovación tecnolóxica, os novos procesos industriais e o transporte transformaron coma nunca até entón o mundo. A constante expansión da agricultura e máis a revolución da saúde pública coa descuberta dos antibióticos e a conquista dunha sanidade universal e gratuíta, permitíron reproducirnos a gran velocidade. É desde agora cando empeza a nosa letal adicción ao carbón, ao petróleo e ao gas como fontes principais de enerxía.

**Hai 55 ANOS** En 1960, eramos tres mil millóns. Necesitabamos máis comida. Moita máis comida. Máis da que nos podía proporcionar o sistema agrícola daquela existente. A aparente solución a ese grave problema foi chamada «Revolución Verde» que nos deu comida extra, grazas a: o uso a escala industrial de pesticidas, herbicidas e fertilizantes químicos; unha ampliación sen precedentes da explotación da terra; e a industrialización xeral de todo o sistema de produción de alimentos. Isto supuxo a industrialización da crianza de animais destinados á alimentación: desde a aparición a escala industrial de flotas de «factorías pesqueiras» ata as granxas de cría e engorde intensivo

**Hai 25 ANOS** En 1980, eramos catro mil millóns e medio e coñecemos fames asasinas.

Aquilo ocorría «alá lonxe»: en África.

<https://www.youtube.com/watch?v=bjQzJAKxTrE> (Life aid for Africa).

[http://en.wikipedia.org/wiki/1983%E2%80%99385\\_famine\\_in\\_Ethiopia](http://en.wikipedia.org/wiki/1983%E2%80%99385_famine_in_Ethiopia) (fame en Etiopia 1983-85).

Ou iso parecía. Pero Non, non só estaba ocorrendo «alá lonxe». En todas partes: en Australia, en Asia, en Estados Unidos, en Europa, tiñamos secas inusuais. E tamén inundacións inusuais.

A auga, recurso vital que criamos abundante e gratuíta, empezaba de súpeto a parecer que podía escasear.

**Hai 15 ANOS** No 2000, eramos xa seis mil millóns.

Por entón, a comunidade científica tiña probas irrefutábeis de que a acumulación na atmosfera de anhídrido carbónico (CO<sub>2</sub>), metano e outros gases de efecto invernadoiro -resultado do crecemento agrícola, da explotación da terra e da produción, procesamento e transporte de todo o que consumiamos- estaba cambiando o clima. 1998 foi o ano máis caluroso até daquela coñecido.

Entre 1998 e o presente rexistráronse os dez anos máis calurosos que se coñecen.

<http://www.cbc.ca/news/technology/climate-change-2013-ranked-4th-warmest-year-1.2505077>

<http://www.theguardian.com/sustainable-business/blog/climate-change-copenhagen-get-ready-ida-auken>

No ano 2050, a necesidade de comida e polo tanto de terra cultivable hase multiplicar polo menos por dous. Non é estraño que desde o ano 2000 gobernos, grandes empresas, grupos empresariais, fondos de investimento e institucións sen definición concreta de países como China, Arabia Saudita, Qatar, Noruega, Francia, Reino Unido, Alemaña, Indonesia e Estados Unidos comprasen e vendesen extensións de terras en África, Asia e Sudamérica. Cómpranas para obteren madeira, minerais, terras raras e fosfatos, ou simplemente para a deforestaren con vistas á explotación gandeira ou agrícola e satisfaceren as súas futuras necesidades cando en aqueles países non haxa suficiente terra para alimentaren a toda a súa sobre-poboación.



Durante os últimos doce anos comerciaron con case 50 millóns de hectáreas de terra. Un territorio equivalente á metade de Europa occidental que se comprou e vendeu a gobernos e empresarios estranxeiros.

<http://www.theguardian.com/environment/2008/nov/22/food-biofuels-land-grab>

Pero isto non é o máis importante.

Que aumente a necesidade de comida non é sorprendente. O sorprendente é que a necesidade de comida aumente a un ritmo moito maior que o crecemento da poboación.

Por que? Hai tres explicacións.

**A primeira:** hai máis persoas e moitas desas persoas agora comen moito máis. Conforme aumenta o PIB (Produto Interior Bruto: o indicador oficial da riqueza dun país e dos seus habitantes), aumenta igualmente o consumo de calorías. Canto máis ricos somos (ou canta menos pobreza temos), máis comida consumimos.

**A segunda:** as persoas non só comen máis, senón que se poden permitir comer cousas que antes non podían. En concreto, un número crecente de persoas de rexións en vías de desenvolvemento, como Brasil, África e China agora come máis carne.

**A terceira:** comer, para centenaes de millóns de consumidores, é agora un pasatempo, unha diversión. <http://www.globalissues.org/article/558/obesity>

Lonxe do seu hábitat natural, o gando estabulado vólvese máis propenso a contraer todo tipo de enfermidades. E o que se lles dá para comeren a miúdo contribúe á propagación da enfermidade. O aumento do prezo do gran fomenta o uso de alimentos máis baratos para o gando, especialmente de substancias cun alto contido en proteínas, que aceleran o crecemento. Ata agosto de 1997, ao redor do 75 por cento do gando de Estados Unidos alimentábase de forma sistemática con refugallos de animais, os restos transformados de gando ovino e vacuno morto, ademais de millóns de gatos e cans mortos cada ano, comprados ás entidades de recollida de animais. A Administración de Alimentos e Fármacos estadounidense (FDA) prohibiu tales prácticas despois de que diversas evidencias en Reino Unido suxerisen que este era responsable da epidemia xeneralizada de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), coñecida tamén como «enfermidade das vacas tolas». Con todo, os actuais reglamentos da FDA permiten que os porcos e os cabalos mortos se transformen en alimento para o gando, así como as aves de curral. Actualmente os norteamericanos que pasaron máis de seis meses no Reino Unido durante a década de 1980 teñen prohibido doar sangue coa fin de

evitar a propagación da variante humana da EEB, a enfermidade de Creutzfeldt-Jakob. Pero en Estados Unidos o sangue do gando segue formando parte dos alimentos que se dan ao propio gando. Steven R Bjerklie, antigo editor da revista comercial Meat & Poultry, arrepíase ao ver o que na actualidade se dá para comer ao gando. «Maldita sexa!, son ruminantes —declara—. Están feitos para comer herba e, quizá, gran. Quero dicir que se teñen catro estómagos é por unha razón: para comer produtos que teñan un alto contido en celulosa. Non están feitos para comer outros animais.»

Os refugallos das plantas avícolas, incluíndo as serraduras e os xornais vellos utilizados como leito, tamén se utilizan para alimentar ao gando. Un estudo publicado hai uns anos en Preventive Medicine sinala que, só en Arkansas, en 1994 ao redor de 1.360.000 kilogramos de esterco de polo se converteu en alimento para o gando. Segundo o doutor Neal D. Bernard, que dirixe o Comité de Facultativos por unha Medicina Responsable, o esterco de polo pode conter bacterias perigosas como o Salmonella e a Campylobacter, parasitos como a solitaria e a Giardia lamblia, residuos de antibióticos, arsénico e metais pesados.

## CANTA AUGA NECESITAMOS PARA PRODUCIR ALGUNHAS DAS COUSAS QUE COMEMOS?

**C**anta máis comida necesitamos máis extensión de terra precisamos para conseguila. Un maior consumo de carne significa unha maior produción de soia. A soia é necesaria para engordar o gando e producir carne. A crecente explotación do solo para producir soia, máis o crecente uso da terra para mantelo, incrementan a sobre-explotación da terra e a súa deforestación.

<http://www.theguardian.com/environment/2013/may/10/amazon-clearance-agriculture-economic-own-goal>

A produción de comida necesita un clima estable. Pero na actualidade o clima xa non o é. E a súa inestabilidade aumenta paulatinamente.

Producir máis comida acelerará aínda máis o cambio climático. A produción de alimentos é a causa, aproximadamente, do 30% dos gases de efecto invernadoiro desde o anhídrido carbónico e o metano até o óxido de nitróxeno (un gas de efecto invernadoiro 300 veces máis potente que o CO<sub>2</sub> e que se produce durante a fabricación e uso de fertilizantes). É unha porcentaxe maior que a producida pola industria ou o transporte.

Máis comida, daquela, significará máis emisións de gases de efecto invernadoiro; acelerará o cambio climático e a frecuencia das catástrofes meteorolóxicas, o que fará perigar aínda máis a produción de alimentos.

Xa se enxergan síntomas preocupantes das crises que se aveciñan. A seca australiana de 2008, as de Rusia e Europa oriental de 2010, e a seca de 2012 en Estados Unidos -o maior produtor de gran do mundo- foron consecuencia de temperaturas extremas e de vagas de calor sen precedentes. Causaron a perda de entre 20 e 40% de toda a produción de cereais mundial.

A escaseza aumentará os prezos dos alimentos básicos no mercado de futuros. Ademais, o uso do auga tamén aumenta con rapidez. Pensemos, por exemplo, nun consumo importante, pero pouco coñecido: o consumo de «auga virtual» ou «auga oculta».

A auga virtual ou oculta é a auga presente en produtos que consumimos pero que en aparencia non a conteñen. Para producir unha hamburguesa necesitamos 3.000 litros de auga. En 2012 consumíronse no Reino Unido ao

redor de cinco mil millóns de hamburguesas. Iso equivale a quince billóns de litros de auga, só en hamburguesas, só no Reino Unido. En Estados Unidos consumiron ese mesmo ano ao redor de 14.000 millóns de hamburguesas, o cal supón un gasto de ao redor de 42 billóns de litros de auga.

Para producir un polo fan falta uns 9.000 litros de auga. En 2012 consumíronse no Reino Unido ao redor de mil millóns de pitos.

Para producir un quilo de chocolate fan falta uns 27.000 litros de auga, isto é, 2.700 litros de auga por cada barra de chocolate. Deberíamos pensar nestes datos cada vez que nos poñemos o pixama, estomballamos no sofá e papamos unha.

Tamén teño malas noticias sobre os pixamas porque me temo que ese pixama de algodón necesita 9.000 litros de auga para ser fabricado.

E fan falla 100 litros de auga para unha soa cunca de café. E iso sen contar a auga con que a preparamos. O ano pasado consumíronse probablemente uns 20.000 millóns de cuncas de café no Reino Unido. E -a maior ironía de todas- necesitamos catro litros de auga para facer unha botella de plástico onde envasarmos un litro de auga. O ano pasado -por fixarnos só no Reino Unido unha vez máis- compraron, beberon e tiraron nove mil millóns de botellas de auga de plástico. Iso significa que gastamos innecesariamente 36.000 millóns de litros de auga. Auga malgastada para fabricar botellas... de auga.

Fan falla 72.000 litros de auga para fabricar un chip deses que fan funcionar o noso ordenador portátil, o noso GPS, o noso móbil, o noso iPad e o noso coche. En 2012 fabricáronse máis de dous mil millóns de chips coma eses. Significa iso que se gastaron polo menos 145 billóns de litros de auga para fabricar chips semicondutores.

En poucas palabras, consumimos a auga, como a comida, a un ritmo totalmente insostíbel.

[http://www.globalchange.umich.edu/globalchange2/current/lectures/freshwater\\_supply/freshwater.html](http://www.globalchange.umich.edu/globalchange2/current/lectures/freshwater_supply/freshwater.html)  
<http://water.org/water-crisis/water-facts/water/>

## CANTO NOS CUSTA FABRICAR UN COCHE?

En 2013 foron fabricados 100 millóns de coches; durante os próximos corenta anos outros 3.000 millóns.

Volkswagen, Ford, Toyota e outros fabricantes insisten en que un coche custa ao redor de 7.500 €.

Non é certo. Comprobemos os custes reais:

O ferro que constitúe a base do aceiro da carrocería sae das minas (por exemplo, de Australia). Logo alguén o transporta nun barco moi grande e moi contaminante a un lugar como Indonesia ou Brasil, onde é transformado en aceiro. O aceiro é transportado nun barco moi grande e moi contaminante a unha fábrica de automóviles, por exemplo de Alemaña.

Tamén necesitamos neumáticos. O caucho prodúcese en Malaisia, Tailandia ou Indonesia. Unha vez colleito, transpórtase a un país que fabrique neumáticos.

O plástico do salpicadeiro empeza sendo petróleo do subsolo. Hai que extraer o petróleo, logo hai que transportalo -nun barco moi grande e moi contaminante- para transformalo en plástico, que despois se transporta á fábrica de automóviles, onde se moldeará para obter finalmente un salpicadeiro.

O coiro dos asentos procede do que noutro momento foi un animal. Os animais necesarios para produci-lo -por exemplo, as vacas- necesitaron moita

auga e moita comida. Foron criados nalgún lugar como, por exemplo, Brasil. Na India alguén transformou o pellico en coiro. As fábricas que traballan o coiro contaminan a atmosfera e o río Ganges con ácido clorhídrico, cromo e un cóctel de produtos químicos igual de tóxicos. O coiro curtido resultante é transformado en tapicería para os asentos.

O chumbo da batería ten que extraerse dunha mina, por exemplo de China, transportarse e transformarse en batería. A batería transportarase nun barco moi grande e moi contaminante a ás fábricas de automóviles de Alemaña, de Estados Unidos ou de calquera outro lugar.

Todo isto antes de que se monte un só coche. E moito antes de que o coche se transporte ata o punto de venda onde o compraremos.


E moitísimo antes de que botemos un só litro de gasolina no depósito e colaboremos en empeorar un pouco máis o problema do clima.

Canto custa un coche? Unha fortuna. Cando comparamos o coche non pagamos o prezo real, é dicir, o custo da degradación ambiental; a contaminación resultante da minería, os procesos industriais e o transporte; a perda de ecosistemas e o cambio climático. O que os economistas gustan de chamar «externalidades».

Polo menos non o pagamos neste momento. E todo este custo -o custo das consecuencias de fabricar un coche, o custo real de fabricar un coche- no futuro terá que pagalo alguén.

Tal vez vostedes. Máis probablemente, os seus fillos.

Figure 2. Illustrative applications of AM in an automobile<sup>25</sup>



Source: Deloitte analysis.

Graphic: Deloitte University Press | DUPress.com

## O PROBLEMA DA COMIDA TAMÉN É SIMPLE.

**C**o noso ritmo de consumo actual e co sistema agrícola vixente, será imposible alimentar a dez mil millóns de persoas.

Por dicilo dun modo claro, para alimentarnos durante os próximos 40 anos, necesitaremos producir máis comida da que deu a agricultura nos últimos 10.000 anos.

A realidade di que a produción de alimentos está condenada a descender durante as próximas décadas.

Por que? Hai tres factores en xogo que nos dan a resposta.

**O primeiro** é o cambio climático. O cambio climático aumentará a frecuencia e a gravidade dos episodios relacionados coa meteoroloxía (xa se están producindo vagas de calor, secas e inundacións inusuais), co resultado de que cada vez se perderán máis colleitas en moitas partes do mundo.

**O segundo** é a degradación do chan e a desertización. Son consecuencia da escaseza de auga, a contaminación (uso de fertilizantes, inducidas polo brusco salinización procedente do rego), os desastres meteorolóxicos, as prácticas crecente uso da “auga agrícolas intensivas e o pastoreo virtual”, e ao incremento do seu consumo en case todo.

Se queremos entrever minimamente o que podemos esperar este ano ou o que vén, e con absoluta seguridade durante os próximos decenios, non temos máis que fixarnos nas vagas de calor que arrasaron Australia en 2008, Rusia en 2010 e Estados Unidos en 2012, e que chegaron a destruír máis do 40% da produción de cereais e acabaron con decenas de miles de cabezas de gando.

Por mor da vaga de calor que asfixiou Rusia en 2010, o seu goberno prohibiu a exportación de cereais. Esta medida produciu o caos nos mercados de comestíbeis, unha subida dos prezos da comida a unhas cotas sen precedentes e a fame en Asia e África: un malestar que deu lugar ás manifestacións de protesta que en conxunto se coñecen hoxe co nome de «primavera árabe».

## O NOSO PROBLEMA ENERXÉTICO É IGUALMENTE SIMPLE.

**P**ara satisfacer a futura demanda, espérase que a finais do presente século produzamos -como mínimo- o triplo de enerxía. A nosa enerxía seguirá saíndo dos combustibles fósiles -petróleo, carbón e gas- e en consecuencia agudizando o problema climático.

Para satisfacer dita demanda necesitaremos construír, aproximadamente:

1.800 presas que estarán entre as máis grandes do mundo ou 23.000 centrais nucleares, 14 millóns de turbinas eólicas, 36.000 millóns de placas solares ou limitarnos a seguir co petróleo, o carbón e o gas tradicionais, e construír as 36.000 centrais eléctricas necesarias.

As actuais reservas de petróleo, gas e carbón están valoradas en billóns de dólares. Van os gobernos e as principais compañías de petróleo, gas e carbón -que están entre as empresas máis influíntes do planeta- a tirar ese diñeiro ao lixo, mentres crece de xeito vertixinoso a necesidade de enerxía?

Dubídeo.

Aínda que puxésemos agora en práctica un programa mundial completo pasarían decenios antes de poder dotar ao planeta de enerxía verde. Mentres tanto, case toda a

Porén non é disparatado concibir a posibilidade de poñer en práctica unha revolución de enerxía verde dunha clase radicalmente distinta. Podemos copiar das plantas. Chámase fotosíntese.

Se fósemos capaces de inventar unha «fotosíntese artificial» -aprender das plantas a aproveitar e converter a enerxía do sol-, teríamos unha posible solución enerxética global.

<http://www.sciencedaily.com/releases/2014/03/140307133631.htm>

En todo o mundo non hai máis que un puñado de laboratorios -por exemplo, o meu- que estean meditando este problema.

## ALGO MÁIS QUE DICIR NA CUESTIÓN DA TECNOLOXÍA?

**H**aberá máis ideas, novas tecnoloxías que aparecerán nalgún momento do futuro? O punto de vista do optimismo racional é que, dadas a nosa intelixencia e a nosa creatividade, non temos que preocuparnos: seguro que achamos o xeito de saír desta lameira. A verdade é que -ata eu debo confesalo- resulta moi tentador crer en algo tan atractivo. Pero é unha fantasía, unha fantasía perigosa.

Tendo en conta onde e como estamos, sería máis prudente, ao meu entender, portarnos como pesimistas racionais. Xa mesmo.

Así que baseándome nas probas dispoñibles actualmente, non creo probable que haxa solucións tecnolóxicas para o problema.

Polo tanto, temos que facer outra cousa.

Se non somos capaces de saír desta pola vía tecnolóxica, a única solución que nos queda é cambiar o noso comportamento. En poucas palabras, temos que consumir menos. Moito menos. Radicalmente menos. E necesitamos conservar máis. Moito máis.

Para realizar un cambio tan radical no noso comportamento, necesitaremos ademais unha radical acción oficial.

Pero no referente a esta clase de cambio, os políticos son actualmente parte do problema, non parte da solución, porque as decisións que hai que tomar para implementar un cambio de conduta significativo farán moi impopulares aos políticos; será inevitable; e eles sábeno moi ben.

E a economía? En 2008, un reputado grupo de economistas e científicos, encabezado por Pavan Sukhdev, na-

quel momento principal economista do Deutsche Bank, levou a cabo unha rigorosa análise económica sobre o valor da biodiversidade. As súas conclusións? Que o custo das perdas ou danos causados á natureza e o medio ambiente polas actividades das 3.000 maiores empresas do mundo se sitúa actualmente en 2,2 billóns de dólares por ano. Unha cifra que segue subindo.

Estes custos son «externalidades», como os que mencionei antes sobre o custo que supón fabricar un coche: custos das actividades empresariais que recaen sobre a sociedade pero que ninguén desembolsa: os danos medioambientais, o cambio climático, a contaminación, a perda de ecosistemas.

Custos que alguén terá que amortizar no futuro. Ese alguén serán os nosos fillos e os nosos netos.

Desde o punto de vista económico, a única esperanza de mitigar un pouco algúns dos problemas que non fan máis que crecer diante de nós é unha

transformación radical da cultura da empresa. Por citar a Pavan Sukhdev:

«As regras da economía teñen que cambiar urxentemente coa fin de que as empresas compitan con vistas á innovación, a conservación de recursos e a satisfacción das múltiples necesidades das partes interesadas, e non con vistas a saber quen pode influír máis nas normativas gubernamentais, quen evade máis impostos e quen consiga máis subvencións para levar a cabo actividades prexudiciais, con obxecto de maximizar os beneficios dunha soa parte interesada: os accionistas.»

Que se creo que se fará a reforma recomendada? Non.

**Se non somos capaces de saír desta pola vía tecnolóxica, a única solución que nos queda é cambiar o noso comportamento. En poucas palabras, temos que consumir menos. Moito menos. Radicalmente menos.**

## A QUE CHE SABE UN AMORODO, MOROTE OU CAREIXÓN?

**U**n sabor a amorodo artificial típico, como o que se atopa no batido de leite e amorodo de Burger King, contén os seguintes ingredientes: amilacetato, amilbutirato, amilvalerato, anetol, anisilformato, benzilacetato, benzilisobutirato, ácido butírico, cinamil isobutirato, cinamil valerato, aceite esencial de coñac, diacetil, dipropilcetona, elilacetato, etilamilcetona, etilbutirato, etilcinamato, etilheptanoato, etilheptilato, etillactato, etilmetil fenilglicidato, etilnitrito, etilpropionato, etilvalerato, heliotropina, hidroxifenil-2-butanona (solución en alcohol 10 por cento), a-ionona, isobutilantranilato, isobutilbutirato, aceite esencial de limón, maltol, 4metilacetofenona, metilantranilato, metilbenzoato, metilcinamato, metilheptina carbonato, metilnaftil cetona, metilsalicilato, aceite esencial de menta, aceite esencial de neroli, nerolina, nerolisobutirato, manteiga de lirio, alcohol fenetílico, rosa, éter de ron, g-undecalactona, vainillina e disolvente.



Texto extraído de Fast Food Nation e tamén o último da páxina 2 sobre as vacas tolas

## AS BIBLIOTECAS VIVENTES

*unha experiencia moi enriquecedora. Voluntarios convértese por unhas horas en libros vivos. Contan a súa vida a quen queira escoitar. Un xeito único de compartir a sabedoría de toda unha vida.*

Tes uns cantos textos que recollen as impresións dalgúns dos seus lectores

### UN ENCONTRO INESPERADO

**O** mércores pasado, os alumnos de 3º da ESO do IES de Beade fomos a unha actividade ao Verbum, a Casa das Palabras de Vigo.

A actividade realmente comezarámola uns días antes no propio instituto, entrando na páxina na que tiñamos que escoller, individualmente, tres dos libros propostos.

Cando chegamos ao Verbum, déronnos unhas guías coa localización dos libros e os seus respectivos autores, para que cada un de nós se dirixise onda eles.

En primeiro lugar, fun con outros alumnos ata a autora do libro *Arremangar as saias e loitar*, Aurita, que nos contou a súa loita na busca da igualdade de xénero. Despois dirixímonos a onde estaba o escritor do libro *Gaudeamus igitur. Venceremos nós!*, que comezou a falar da rica variedade fonética do galego. Pasoume con el unha anécdota graciosa. Preguntou quen de nós falaba galego na casa e eu dixen que si o falaba, pero el non me oíu e deu por suposto que ningún dos que estabamos alí o faciamos, así que comezou a animarnos e logo a mandarnos pronunciar a palabra “xeito”. Cando me tocou a min, dixo: “Ti es moi castelán”. Eu calei e rin para min. Entón tocoulle ao meu compañeiro Serodio, que “chapurrea” o galego e díxolle:

“Este si que fala un bo galego”.

Por último fomos onda Juan, autor de *Tres estacións nun só día*, un libro no que se conta como é posible, estando no Ecuador, pasar tres estacións no mesmo día. E falounos diso e tamén da súa experiencia como mariñeiro.

Ao rematar fomos a un lugar que teñen destinado no Verbum para opinar e alí encontrei unha amiga e antiga compañeira do Conservatorio de Vigo. Alegreime moito porque dende que ela tivo que deixar o Conservatorio, hai case tres anos, non a vira. Agora está estudando Filoloxía galega, a carreira que desexaba.

**O** mércores 15 de abril os cursos de 3ºESO do IES Beade fomos ó museo Verbum en Samil á actividade das “Bibliotecas Viventes”. Ao chegar nos deron uns mapas sinalando onde se atopaban os “libros”, despois xuntáronnos co outro instituto e metéronnos nun salón, onde nos explicaron o que tiñamos que facer e acto seguido cada quen foi onde lle tocaba.

Os “libros” foron os seguintes:

“A nai que me pariu”.

O mozo que contou a súa historia chamábase Jose ( Josiño ).

A súa historia transcorreu nun ultramariño e contounos como chegou a ser regueifeiro e que é o máis novo dos sete regueifeiros que existen en Galicia.

“Con dous cornos na testa”.

A señora que nos contou a súa historia levaba unha maleta na que gardaba un antifaz e unha caixa de música. O antifaz simbolizaba o teatro, e contounos como loitou por facer o que lle gustaba, que era actuar. Na caixa de música gardaba un cestiño cheo de chicharos vellos e unha pequena bandexa de prata; explicounos o que había que facer en caso de que nos desaparecese algo; eran cousas que facía a súa nai.

“Cando as formigas soñan coa música”.

A moza que contou a súa historia tiña consigo unha guitarra española e amosounos o disco que gravou. Contounos o que loitou polos seus soños e díxonos que non debemos desistir ata conseguir o que nos propoñemos. Interpretou unha canción do seu disco ( a verdade é que cantaba e tocaba moi ben ) e improvisou unha segundo o que nós lle dicíamos.

Opinión.

A min o que máis me gustou foi “A nai que me pariu” porque Josiño é moi divertido e agradable, ademais, fíxonos regueifar! A verdade é que a regueifa quedou perfecta e moi graciosa. Foi o que máis nos fixo rir e iso agrádese.

É o mellor regueifeiro que existe, sen dúbida algunha!

Repetiría a experiencia porque estivo xenial, a pena é que só poidas escoller tres “libros”, quedante ganas de ir ós demais.

María Estévez Pérez  
3º eso C

O mércores 15 de abril tivemos unha saída a Biblioteca Vivente do Verbum, gustoume moito pero gustaríame poder visitar máis libros.

Os libros que visitei foron:

### 1. Gaudeamus igitur. Venceremos nós!:

Este libro contouno un señor maior. Contounos que era profesor de lingua castelá e literatura nun colexio de Madrid. El cobraba 4,000€ cada mes e os seus alumnos pagaban 5,000€ ao mes por estudar no centro. Comezou a dicirlle aos seus alumnos a inxustiza do seu traballo e o director acabou despedíndoo por, supostamente, ser comunista. Estábamos todos bastante aburridos porque o señor se enleaba moito. De súpeto, dixo que foi adestrador do Celta, todos abrimos os ollos abraiados, ninguén os esperaba.

Este conto foi o que menos me gustou de todos, aínda que non estivo nada mal.

### 2. Con dous cornos na testa:

O primeiro que fixo a moza que contaba o libro foi explicar o nome; apartou o pelo botándoo para atrás e observamos que tiña dous lunares na fronte, coma se foran dous cornos. Comezou a contar que de pequena tiña moita vergoña polo cal non falaba con ninguén. Mandou a Iván ir onde ela, sacou unha maleta e díxolle que pechase os ollos e collese algo do seu interior. Iván sacou unha careta e a muller comezou a explicar o que o teatro significaba para ella. Grazas ás actuacións diante de centos de persoas a súa vergoña fose desaparecendo. Despois sacou unha caixa e explicounos que a súa avoa poñía, cando se lle perdía algo, nunha cunca de prata un chícharo vello para que o trasno que lle roubou o obxecto perdido llo devolvese.

Gustóume bastante porque contou cousas que hai anos a xente facía e agora a ninguén se lle ocorrería.

### 3. A nai que me pariu:

Nada máis sentarnos o mozo comezou a regueifar e a continuación contounos a súa historia. Díxonos que iso das regueifas xa viña dende a súa avoa e que soamente había sete regueifeiros en toda Galiza dos cales el era o mais novo. Era moi gracioso, non paraba de facernos rir con chistes, tonterías ou coa súa gheada.

Díxonos que nos tocaba regueifar a nós. Todos puxemos caras de susto, pero el axudounos a facer as regueifas e non foron tan difíciles como pensabamos.

Foi o libro que máis me gustou a min e a case tódolos meus compañeiros porque nos fixo rir moito e ademais ensinounos a regueifar.

Laura Pizcueta Leirós

I.E.S. Beade 3ºC

O pasado mércores, o alumnado de 3º da ESO fomos ao Verbum, a visitar a exposición de Bibliotecas Viventes.

A exposición resultou ser unha experiencia xenial. Nela había “bibliotecarios”, persoas encargadas de dar axuda se alguén o precisaba.

Escollemos os libros antes de ir, é dicir, as persoas que ían contar as súas historias.

Eu escollín:

A nai que me pariu, porque o título chamou a miña atención e tiven curiosidade. O encargado de contar o conto foi Josiño, un home xove de trinta anos. É regueifeiro; un dos poucos que quedan en Galicia. Falounos da súa vida e tamén fixemos regueifas con el. Josiño é unha persoa moi amable.

Con dous cornos na testa, pensei que se trataba dunha metáfora e quixen averiguar de que ía. O conto pertencía a unha actriz. Ela tivo que superar varias adversidades na súa vida para poder obter aquelas cousas que realmente quería alcanzar.

As formigas soñaban coa música, no momento de ler o título decateime da metáfora (a cal foi confirmada despois), as formigas son animais moi pequenos, polo tanto, algo pequeno que soña con facer grandes cousas, soa a tópico común, si, a ambición, pero aínda así eu quixen escoitar esa historia que agochaba o título. Era Alba, unha moza moi alegre de vinte anos que decidiu loitar polas cousas que tiña en mente, ignorando a aquelas persoas que a desanimaban a tentalo. Conseguiu sacar un disco de música. Tiña unha voz moi fermosa.

Ao chegar déronnos uns mapas para facilitar a localización dos nosos contos (ao final foron inútiles, xa que os “bibliotecarios” os atopaban por nós). Había doce, (máis ben once, faltou o conto número dous), persoas contando as súas historias e a forma de como o realizaban dicía moito da persoa, había quen era quen de cantar, recitar, regueifar... ou simplemente contalo.

Natalia Fernández

3ºESO-C IES Beade